

Praza número: 25/5001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Departamento: Dereito Público

Docencia: Materias da Área

Centro: Facultade de Ciencias do Traballo

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 17:00 horas do día 3 de abril de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Alberto Arufe Varela

Secretaría: Xosé Manuel Carril Vázquez

Vogal 1º: Yolanda Maneiro Vázquez

Vogal 2º: Luis Enrique Nores Torres

Vogal 3ª: Eva Carolina López Terrada

Rep. Trab. (s/voto): David José Soto Díaz

En A Coruña, a 3 de abril do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/5001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Departamento: Dereito Público

Docencia: Materias da Área

Centro: Facultade de Ciencias do Traballo

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso (Dereito do Traballo e da Seguridade Social) multiplicaranse por 1.

Os méritos nas especialidades de coñecemento afíns («Dereito», de conformidade co Anexo V, apartado 14, da citada Normativa) multiplicaranse por 0,5.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro), atendendo fundamentalmente ó número de autores.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso), atendendo fundamentalmente á posición do solicitante, así como a súa duración e importe.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos), atendendo fundamentalmente á súa duración.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos), atendendo fundamentalmente á súa duración.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos), atendendo fundamentalmente á natureza das entidades outorgante.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

Praza número: 25/5001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Departamento: Dereito Público

Docencia: Materias da Área

Centro: Facultade de Ciencias do Traballo

**III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro).
Puntuación máxima: 40 puntos**

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse fundamentalmente tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

En A Coruña, a 3 de abril do 2025

A presidencia da comisión